



CONCELLO
DE
MEIS
(PONTEVEDRA)

R.E.L. Nº 01360280
C.I.F. Nº P-3602800-I
C. Postal 36637
Teléfono: 986 71 20 01
Fax: 986 71 53 00
correo@concellodemeis.com
www.concellodemeis.com

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DA ESCOLA INFANTIL 0-3 MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEIS.

Artigo 1º.—Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude; este Concello establece a taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil 0-3 Municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º.—Feito imponible

O feito imponible o constitúe a prestación do servizo pola asistencia dos menores que previa solicitude dos seus pais ou titores, cumprindo os requisitos legais, sexan admitidos na gardería infantil.

Artigo 3º.—Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos:

1. Os pais ou titores en canto representantes legais dos menores que se matriculen e reciben asistencia na Escola Infantil 0-3 Municipal.
2. Quen solicita a matrícula do menor.

Artigo 4º.—Responsables

Os pais ou titores e aquelas persoas que ostentan a representación legal do menor ou solicítasen a matrícula do menor.

Artigo 5º.—Contía – Cotas complementarias

1. A cota tributaria, determinarase por unha cantidade fixa, de acordo coas seguintes tarifas:

Cota Mensual

a) Renda per cápita mensual da Unidade familiar do S.M.

- Inferior ó 50 por cento	0 Euros-Exento
- Entre o 50 e o 75 por cento	33,00 Euros
- Superior ó 75 por cento e inferior ó 100 por cento	66,00 Euros
- Entre o 100 e o 150 por cento	99,00 Euros
- Superior ó 150 por cento	110,00 Euros

b) Servizo de Comedor:

O prezo deste servizo fíxase en 33 € mensuais, no caso de nenos que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificadas desexen utilizar o servizo algún día solto, o prezo será de 2 € por día.



CONCELLO
DE
MEIS
(PONTEVEDRA)

R.E.L. Nº 01360280
C.I.F. Nº P-3602800-I
C. Postal 36637
Teléfono: 986 71 20 01
Fax: 986 71 53 00
correo@concellodemeis.com
www.concellodemeis.com

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre os prezos dos servizos anteriores aplicaranse reducións totais ou parciais:

- a) Inferiores ó 30 por cento do salario mínimo interprofesional, redución do 100 por cento.
- b) Entre o 30 e o 100 por cento do salario mínimo interprofesional, redución do 50 por cento.

c) *Matrícula:*

Establécese en 30,00 Euros.

d) *Horario ampliado:* o prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario normal será de 13,75 €

2. Para realizar o cálculo das cotas dos usuarios utilizarase a mínima valoración para os matrimonio, parellas de feito ou representantes legais do neno.

3. As taxas dependerán da renda per cápita mensual, entendéndose por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de dezaioito anos ou fillos maiores de dezaioito anos, cunha minusvalidez superior ó 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para efectos do cálculo da renda per cápita ó que se refire o parágrafo anterior, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Teñen a consideración de ingresos a suma da parte xeral maila parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas; para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse mediante declaración responsable de tódolos ingresos obtidos pola unidade familiar e o certificado acreditativo do nivel de renda do correspondente exercicio, expedido pola A.E.A.T. que corresponda, e no seu caso, informe económico da Traballadora Social ou Técnico Competente.

O curso escolar comezará o un de setembro e rematará o 30 de Xuño, utilizando os meses de xullo e agosto como reforzadores da aprendizaxe do curso escolar, dándolle un carácter lúdico.

O neno matriculado estará vinculado á praza durante todo o ano.

A permanencia do neno na gardería estará en función das xornadas laborais dos pais.

Artigo 6º.—Beneficios fiscais

1. Segundo as circunstancias da unidade familiar, das cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas realizaranse os seguintes descontos:

- 20% no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa.
- 20% no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
- 20% no caso de asistencia dalgún irmán ó mesmo centro. No caso de que estes irmáns nacerán en parto múltiple, o desconto será dun 30% por cada neno/a.



CONCELLO
DE
MEIS
(PONTEVEDRA)

R.E.L. Nº 01360280
C.I.F. Nº P-3602800-I
C. Postal 36637
Teléfono: 986 71 20 01
Fax: 986 71 53 00
correo@concellodemeis.com
www.concellodemeis.com

Os descontos anteriores, cando se dan nunha mesma persoa, serán acumulables.

2. Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

Artigo 7º.—Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se resolva favorablemente a solicitude de prestación do servizo.

Artigo 8º.—Liquidación

No primeiro período a liquidación se realizará cando se resolva favorablemente a solicitude de prestación do servizo.

Artigo 9º.—Ingreso.

O pagamento desta taxa realizarase:

* Na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación do 1 ao 5 de cada mes por anticipado.

Artigo 10º.—Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data , entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia ata tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Meis, a 23 de xullo de 2007.

O Alcalde

José Luis Pérez Estévez.